

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*ORDE do 21 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2023, co obxecto de coñecer a lingua dese país (código de procedemento ED416A).*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, regula o dito sistema, con respecto á autonomía universitaria, no marco do Sistema universitario español e do Espazo Europeo de Educación Superior.

No artigo 108.1 da referida lei establécese que, sen prexuízo das competencias do Estado, a Xunta de Galicia articulará unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo e á investigación, mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolverlos sen ser excluído por razóns económicas.

A dita lei, na súa exposición de motivos, cualifica a mobilidade coma un dos piares en que se asenta o concepto de Espazo Europeo de Educación Superior que leva consigo unha maior riqueza e a apertura a unha formación de máis calidade.

As necesidades creadas polo Espazo Europeo de Educación Superior exíxenlle ao alumnado o coñecemento dunha segunda lingua para mellorar a súa competencia, capacidade de estudo e de traballo no contexto internacional.

Neste marco, a Consellería Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera prioritario seguir coa súa política de apoiar economicamente as iniciativas do alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que poidan contribuir a enriquecer os seus coñecementos lingüísticos e a súa cualificación.

CVE-DOG: jpns07x4-w6y9-fuk3-gos3-aiyvdfnt6b1



Esta orde axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión de axudas e subvencións, e ao establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, e ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar, en réxime de concorrencia competitiva, 170 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2023, do alumnado universitario matriculado no curso 2022/23 nalguna das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia (código de procedemento ED416A).

#### Artigo 2. *Orzamento*

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e para o cal existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2023. Na súa virtude, a concesión das subvencións condiciónase á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.422C.480.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2023, cunha contía global de 170.000 euros, sen prexuízo de poder ser incrementada de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias da consellería, de conformidade cos supostos recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

#### Artigo 3. *Período e dotación da axuda*

1. As actividades para as cales se solicita a axuda terán que ser realizadas presencialmente no período comprendido, exclusivamente, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2023, ambos incluídos.



2. A dotación económica asignada a cada persoa beneficiaria será dun máximo de 1.000 euros.

#### Artigo 4. *Requisitos das persoas solicitantes*

1. Poderá solicitar estas axudas o alumnado universitario das universidades públicas que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado no curso 2022/23, como mínimo en 50 créditos, excluídos os recoñecidos, convalidados ou adaptados, en calquera das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, e ter superado 60 créditos con data do 30 de setembro de 2022, excluídos tamén os recoñecidos, convalidados ou adaptados.

O alumnado que estea matriculado no traballo fin de grao poderá incluír os créditos que lle correspondan dentro do mínimo dos 50 créditos exixidos.

b) O curso de idiomas debe ser presencial, ter unha duración mínima de tres semanas, excluídas as datas da viaxe, e un mínimo de 60 horas lectivas. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

2. Queda excluído desta convocatoria:

a) O alumnado que xa resultase beneficiario desta axuda en anteriores convocatorias.

b) O alumnado que durante o curso 2022/23 sexa adxudicatario dunha bolsa do programa comunitario de mobilidade Erasmus+, sempre e cando a estadia que pretenda realizar sexa para perfeccionar a lingua oficial do país en que se está a desenvolver o dito programa.

#### Artigo 5. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa



presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Unha vez formalizada a solicitude, deberá ser asinada pola persoa interesada con calquera dos sistemas de sinatura admitidos pola sede electrónica e enviala polo procedemento electrónico establecido, e quedará así presentada para todos os efectos. Non se terán en conta aquelas solicitudes formalizadas por vía telemática que non completen o proceso de presentación establecido e obteñan o xustificante de solicitude, que deberá conservar a persoa solicitante para acreditar, no caso de que resulte necesario, a presentación da súa solicitude no prazo e na forma establecidos.

2. As solicitudes subscribíraas electronicamente a persoa interesada ou a persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

3. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico [012@xunta.gal](mailto:012@xunta.gal)

Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico [orientacion.sug@edu.xunta.es](mailto:orientacion.sug@edu.xunta.es)

4. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 14 de marzo de 2023.

#### Artigo 6. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito, no caso de actuar por medio de representante.

b) Programa do curso de idiomas para o cal se solicita a axuda, en que deberán figurar o centro e o lugar de destino, as horas lectivas e as datas de realización, excluídas as datas da viaxe.

CVE-DOG: jpnso7x4-w6y9-fuk3-gos3-aiyvdfmt6b1



De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

## 2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

## Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante, só no caso de actuar por medio de representante.

CVE-DOG: jpnso7x4-w6y9-fuk3-gos3-aiyvdfnt6b1



c) Documento da universidade correspondente en que deben figurar o número de créditos superados e nota media do expediente académico con data do 30 de setembro de 2022 e, os créditos matriculados no curso 2022/23, excluídos os recoñecidos, convalidados ou adaptados, tanto nos superados como nos matriculados.

d) Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

e) Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.

f) Certificado de estar ao día no pagamento á Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9. *Publicación dos actos*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a listaxe definitiva das persoas beneficiarias das axudas, a contía destas, a listaxe de suplentes e das solicitudes denegadas.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) tanto as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas como as listaxes definitivas.



*Artigo 10. Instrución do procedemento e exposición de listaxes provisionais para emenda de solicitudes e documentación*

1. A Secretaría Xeral de Universidades, rematado o prazo de presentación de solicitudes e tras examinar estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas e os motivos de exclusión, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades: [www.edu.xunta.gal/](http://www.edu.xunta.gal/) na epígrafe de Ensinanza/Universidade.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de reclamación de dez días. Durante ese prazo, poderán emendar erros e a falta de documentación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada e achegarán, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

*Artigo 11. Comisión Avaliadora*

1. A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a: o/a titular da Secretaría Xeral de Universidades ou a persoa en quen delegue.

Vogais: dous/dúas representantes da Secretaría Xeral de Universidades.

Secretario/a: o/a xefe/a do Servizo de Apoio e Orientación ao Alumnado Universitario, que actuará con voz e voto.

2. A Comisión Avaliadora, para o exercicio das súas funcións, poderá contar co asesoramento de persoas expertas na materia obxecto da convocatoria.

3. Se, por calquera causa, no momento en que a Comisión Avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da Secretaría Xeral de Universidades.





**Artigo 12. Criterios de avaliación**

1. A selección das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria realizarase pola Comisión Avaliadora e daráselles prioridade a aquelas que no expediente académico teñan unha cualificación da nota media máis alta.

2. No caso de empate na nota media do expediente académico, terá preferencia para a concesión da axuda aquel alumnado que teña superado un maior número de créditos.

3. Así mesmo, a Comisión elaborará unha listaxe de suplentes, por orde de puntuación do seu expediente académico, na cal figurarán as persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos exixidos na convocatoria, non acadaron un número de orde que lles permita ser adxudicatarias da axuda.

**Artigo 13. Proposta de resolución**

1. Unha vez efectuada a selección, a Comisión Avaliadora elevará, a través da Secretaría Xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a adxudicación das axudas mediante a correspondente resolución.

2. A Secretaría Xeral de Universidades comunicarlles a proposta de resolución ás persoas seleccionadas como beneficiarias. A comunicación realizarase por algún dos medios indicados na solicitude (teléfono móbil ou correo electrónico).

No caso de rexeitar a bolsa, deberán renunciar nun prazo de cinco días contados desde a data da recepción da comunicación, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

3. No suposto de producirse algunha renuncia ou baixa, a Secretaría Xeral de Universidades comunicarlles a proposta ás persoas que figuren na listaxe de suplentes pola orde que nela aparecen.

**Artigo 14. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.





2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 15. *Resolución*

1. A resolución terá o seguinte contido:

- a) Listaxe de persoas beneficiarias das axudas.
- b) Listaxe de suplentes, en que figurarán as persoas que, reunindo os requisitos exixidos, non acadaron un número de orde que lles permita ser adxudicatarias da axuda.
- c) Listaxe de solicitudes denegadas por non reunir algún ou algúns dos requisitos exixidos nesta convocatoria.

CVE-DOG: jpns07x4-w6y9-fuk3-gos3-aiyvdfnt6b1



2. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. A resolución de concesión das axudas publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <http://www.edu.xunta.gal> pola que se entenderán notificadas para todos os efectos as persoas solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 16. *Pagamento*

O aboamento das axudas farase efectivo mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria da que deberá ser titular.

#### Artigo 17. *Xustificación e prazo de xustificación*

1. As persoas que figuran na listaxe de concedidos, así como as da listaxe de suplentes, se as houber, presentarán a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, o certificado de asistencia ao curso para o que lles foi concedida a axuda.

O certificado deberá especificar o lugar onde se realizou, o centro, o número de horas lectivas, as datas de realización e a duración do curso (mínimo tres semanas, excluídas as datas da viaxe). No caso de estar en lingua estranxeira, deberá traducirse para algunha das linguas oficiais desta comunidade autónoma.



2. A dita documentación poderase presentar desde a finalización do curso ata o día 12 de setembro de 2023, de non presentala nese prazo, entenderase que renuncian a axuda.

3. No suposto de que haxa algunha persoa que non presente a documentación exixida, o remanente de crédito xerado dará lugar á concesión da axuda a aquela/s persoa/s que, tendo presentado en prazo a documentación xustificativa de realización do curso, figuren como suplentes na orde de resolución, pola orde que nela aparecen.

#### Artigo 18. *Obrigas das persoas beneficiarias*

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e a obriga de:

a) Remitir, unha vez finalizada a actividade, a documentación que se solicita no artigo 17 a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

b) Comunicar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, a renuncia á axuda no caso de se producir.

c) Informar o órgano que concede a axuda da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como da Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Acreditar mediante certificación que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, só no caso de que a persoa interesada se opoña á consulta. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I desta orde, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.



**Artigo 19. *Compatibilidade, alteración, modificación e reintegro das axudas***

1. Estas axudas son compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que as conceda.

2. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada de conformidade co establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O incumprimento total ou parcial por parte da persoa beneficiaria de calquera das condicións e obrigas establecidas nesta orde e demais normas aplicables, poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puidesen corresponder en cada caso, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obteña a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseen ou oculten feitos ou datos que motivaron a súa concesión.

**Artigo 20. *Transparencia e bo goberno***

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



**Artigo 21. Información sobre a xestión de subvencións**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

**Disposición adicional primeira. Réxime sancionador**

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Disposición adicional segunda. Impugnación da orde**

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo**

Facúltase o titular da Secretaría Xeral de Universidades para ditar, dentro das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

P.D. (Orde do 29.7.2022, DOG nº 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,  
Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: jpns07x4-w6y9-fuk3-gos3-aiyvdfmt6b1



XUNTA  
DE GALICIACONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO I

|                                                                                                                                                                                      |                                         |                                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>AXUDAS AO ALUMNADO DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS PARA ESTADÍAS NALGÚN ESTADO MEMBRO DA UNIÓN EUROPEA, DURANTE O VERÁN, CO OBOXECTO DE COÑECER A LINGUA DESE PAÍS</b> | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO<br><b>ED416A</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|

CURSO 2022/23

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

|                      |                      |                      |                                                         |
|----------------------|----------------------|----------------------|---------------------------------------------------------|
| NOME                 | PRIMEIRO APELIDO     | SEGUNDO APELIDO      | NIF                                                     |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/>                                    |
| TIPO                 | NOME DA VÍA          | NÚM.                 | BLOQ.                                                   |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/>                                    |
| ANDAR                | PORTA                |                      |                                                         |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |                      |                                                         |
| PARROQUIA            | LUGAR                |                      |                                                         |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |                      |                                                         |
| CÓDIGO POSTAL        | PROVINCIA            | CONCELLO             | LOCALIDADE                                              |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/>                                    |
| TELÉFONO 1           | TELÉFONO 2           | CORREO ELECTRÓNICO   | SEXO                                                    |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="radio"/> HOME <input type="radio"/> MULLER |

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

|                      |                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME/RAZÓN SOCIAL    | PRIMEIRO APELIDO     | SEGUNDO APELIDO      | NIF                  |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

|                      |                      |
|----------------------|----------------------|
| TELÉFONO MÓBIL       | CORREO ELECTRÓNICO   |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

|                      |                                       |
|----------------------|---------------------------------------|
| TITULAR DA CONTA     | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) |
| <input type="text"/> | IBAN <input type="text"/>             |

DATOS ACADÉMICOS

|                          |                                                                                 |
|--------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
| TITULACIÓN UNIVERSITARIA | UNIVERSIDADE                                                                    |
| <input type="text"/>     | <input type="radio"/> UDC <input type="radio"/> USC <input type="radio"/> UVIGO |

DATOS DA ACTIVIDADE NO ESTRANXEIRO

|                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|
| CENTRO DE ESTUDOS    | PAÍS                 | PERÍODO DO CURSO     |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ No solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO            | IMPORTE (€)          |
|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |



XUNTA  
DE GALICIACONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADESANEXO I  
(continuación)**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado, a partir desta declaración.
7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Que se compromete a manter os ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito, de maneira que, se durante este período deixa de cumprir algún dos requisitos detallados na declaración, llo comunicará ao órgano xestor.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

|                                                                                                                                                                                      |        |            |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|------------|-----|
| <input type="checkbox"/> Programa do curso de idiomas en que deberán figurar o centro e o lugar de destino, as horas lectivas e as datas de realización, excluídas as datas de viaxe |        |            |     |
|                                                                                                                                                                                      | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
| <input type="checkbox"/> Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito no caso de actuar por medio de representante                                            |        |            |     |

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|
| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.                                                           | OPÓÑOME Á CONSULTA                                 |
| DNI ou NIE da persoa solicitante                                                                                                                                                                                                                                                             | <input type="checkbox"/>                           |
| DNI ou NIE da persoa representante, só no caso de actuar por medio de representante                                                                                                                                                                                                          | <input type="checkbox"/>                           |
| Documento da universidade (debe figurar o número de créditos superados e a nota media do expediente académico a data do 30 de setembro de 2022, e os créditos matriculados no curso 2022/23, excluídos os recoñecidos, convalidados ou adaptados, tanto nos superados como nos matriculados) | <input type="checkbox"/>                           |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social                                                                                                                                                                                                                               | <input type="checkbox"/>                           |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Atriga                                                                                                                                                                                                                                          | <input type="checkbox"/>                           |
| <b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b><br>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.                                                                  | AUTORIZO A CONSULTA                                |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa AEAT                                                                                                                                                                                                                                 | <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON |

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

|                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable do tratamento                                              | Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Secretaría Xeral Técnica.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| Finalidades do tratamento                                              | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| Lexitimación para o tratamento                                         | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarios dos datos                                                | As administracións públicas no exercicio das súas competencias.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Exercicio de dereitos                                                  | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas  
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: ipns07x4-w6y9-fuk3-gos3-aiyvdfvnt6b1

XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADESANEXO I  
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 21 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2023, co obxecto de coñecer a lingua dese país (código de procedemento ED416A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral de Universidades

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas  
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: jpns07x4-w6y9-fuk3-gos3-aiyvdfnt6b1

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>